

Presentación da materia/módulo

Materia / Módulo	Historia da Arte 2º Bach.	Curso / Ciclo	Curso 2024-25
-----------------------------	--------------------------------------	----------------------	----------------------

CONTIDOS (Temporalizados por Unidades Didácticas e Avaliacións)

1ª Avaliación	<p>1.- Introducción á Historia da Arte. Arte clásica: Grecia e Roma. Arte bizantina.- A actividade artística como actividade creativa e expresión do ser humano. Fundamentos da arte (linguaxe formal segundo a época, estilos e tendencias; aspectos sociolóxicos, técnicos, plásticos, iconográficos, semiolóxicos, etc.). Aproximación ao procedemento da análise da obra de arte nas das principais manifestacións artísticas (arquitectura, escultura e pintura).</p> <p>Características e obras da arte clásica grecorromana, berce da cultura occidental, con exemplos de Hispania.</p> <p>Achegas da primeira arte cristiá e evolución artística a comezos da Idade Media coa arte bizantina.</p> <p>2.- Arte medieval: prerrománica, románica e gótica.- Rexionalización da arte fronte á unidade estilística anterior. A arte prerrománica española e incidencia en Galicia (artes visigoda, asturiana e arte de repoboación ou mozárabe).</p> <p>Arte románica nos reinos cristiáns da península Ibérica (fincapé no reino de Galicia) e a súa difusión por Europa. Desta primeira arte de carácter internacional, analizaremos a unidade estilística e a mestura conceptos artísticos nas obras.</p> <p>O novo estilo gótico, unha arte internacional (concepción universalista con variantes rexionais) que se manterá ata o século XIV e nalgúns zonas España ata o século XVI.</p> <p>A arte de transición ao Renacemento: Trecento italiano, os "primitivos flamengos" e O Bosco.</p>
2ª Avaliación	<p>3.- A arte renacentista.- Renovación das artes en Italia baixo o patrocinio da Igrexa católica e o mecenado das grandes familias. A obra dos artistas dos grandes períodos do Renacemento italiano: Quattrocento (nova linguaxe artística a partires da reformulación da linguaxe clásica), Cinquecento (o clasicismo da expresión artística) e Manierismo.</p> <p>O Renacemento en España (arquitectura do Plateresco ao estilo Herreriano). Remataremos cun artista moi persoal, un xenio que se afasta das clasificacións, o Greco, un dos máis xenuinos representantes do Manierismo pictórico.</p> <p>4.- A arte barroca e a neoclásica.- O estilo da profusión decorativa, o dinamismo e o sentido teatral. A influencia da Igrexa contrarreformista. Partindo do barroco italiano, veremos a difusión do estilo polo resto de Europa impulsado pola monarquía absoluta. Fixaremos a atención no urbanismo e arquitectura en Roma, o Barroco compostelán, a escultura barroca italiana e a imaxinería española, o tenebrismo de Caravaggio e o papel da muller artista.</p> <p>No caso español analizaremos a evolución do estilo pictórico dun xenio que acada prodixiosos logros técnicos, excelentes composicións e cultiva case todos os xéneros: Velázquez.</p> <p>Opostamente ao Barroco estudaremos o Neoclasicismo, no que destaca a arquitectura.</p>
3ª Avaliación	<p>5.- A arte do século XIX.- A pegada nas diversas correntes culturais das transformacións (cambios sociais e ideolóxicos).</p> <p>No caso español analizaremos a personalidade independente de Goya a través da súa obra pictórica.</p> <p>Veremos a evolución artística do Neoclasicismo ao Impresionismo e Posimpresionismo. A situación da muller artista.</p> <p>6.- A arte dos séculos XX e XXI.- Acontecementos como o crecemento das cidades modernas ou as consecuencias das dúas guerras mundiais marcaron a evolución da arquitectura e das artes plásticas a través das vangardas.</p> <p>A arte da primeira metade do século XX coas primeiras vangardas (Expresionismo, Fauvismo, Cubismo, Abstracción, Dadaísmo e Surrealismo) nas artes plásticas. A muller artista.</p> <p>A arquitectura continúa o seu camiño de exploración. As principais tendencias artísticas e os novos medios expresivos (p. ex. a cultura visual de masas). A renovación da linguaxe arquitectónica coas arquitecturas funcional e orgánica.</p> <p>A arte da segunda metade do século XX ao noso tempo, a universalización da arte. Do funcionalismo á arquitectura de autor. Artes plásticas: das segundas vangardas á posmodernidade e a evolución do papel da muller artista.</p>

PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Instrumentos:

Probas escritas	90%	Probas escritas
Traballos	10%	Comentarios de obras artísticas seguindo as pautas e o prazo indicados pola profesora

a) Probas escritas:

- Realizarase en cada Avaliación **unha proba escrita**. Dita proba **suporá o 90% da cualificación** e constarán de definición de conceptos e comentario de obras de arte.

- **Especificarase o valor de cada pregunta**, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima pero, de non ser así, **a puntuación diminuirá en consonancia cuns criterios obxectivos previamente fixados pola docente**.

- Os **contidos mínimos das primeiras Avaliacións** poden estar presentes nas seguintes Avaliacións.

- A **falta de asistencia a un exame** só poderá xustificarse mediante documentación oficial, desta maneira o alumno ou alumna terá dereito a facer un exame correspondente a esa parte da materia. De non existir o xustificante regulamentario, o exame se cualificará con insuficiente cero puntos.

- **Copiar nun exame** (utilizando calquera medio) suporá a retirada inmediata do exame e a súa cualificación con insuficiente cero puntos.

b) Traballos:

- En cada avaliación valorarase cun **10% da nota a presentación (oral e/ou escrita) de comentarios de obras de arte ou de estilos artísticos**. Neste tipo de actividades avaliarase a capacidade de síntese e análise, a comprensión e desenvolvemento das actividades, a calidade, exposición, presentación do traballo... Para a corrección destes traballos poden empregarse rúbricas adaptadas a cada tarefa.

- Os alumnos e alumnas de 2º de BAC deben de ter a responsabilidade de cumprir os prazos e as condicións de entrega esixidos pola docente. É importante destacar **que NON se corruxirá nin se terá en conta para a Avaliación ningún exercicio, comentario ou calquera tipo de tarefa que NON se realice e entregue en prazo**.

- **No caso de evidencia de "plaxio"** en ditas actividades adoptarase a mesma medida que no suposto de copiar nun exame.

Criterios de Cualificación e Recuperación:

- A valoración obtida mediante o seguimento dos instrumentos anteriores permitirá coñecer a **cualificación do alumno/a en cada trimestre do curso. A Avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior**.

- Os alumnos e alumnas que teñan unha **Avaliación suspensa** deberán presentarse a unha **Proba de recuperación** (valorada sobre 10 puntos), con contidos e estrutura semellantes aos da proba escrita de dita

Avaliación. **Para preparar** dita proba contarán con **material de reforzo** que lles facilitará a profesora, que estará á súa disposición para as aclaracións pertinentes encamiñadas a solucionar o seu déficit na materia.

- Para a **cualificación da Avaliación Final Ordinaria** empregarase a **media aritmética das notas das tres Avaliacións parciais**, de forma que os alumnos e as alumnas que teñan unha **nota media de 5 puntos ou superior terán superada a materia** e o alumnado que teña unha **media inferior a 5 deberá presentarse a unha Proba escrita** na convocatoria da **Avaliación Extraordinaria** no mes de xuño, que repasará os contidos traballados ao longo do curso.

Avaliación Extraordinaria

- Dende a Avaliación Final Ordinaria de 2º de Bacharelato ata o remate do curso realizaranse **actividades de preparación da PAU** para o alumnado que aprobase o curso e desexe presentarse a dita proba, ademais de **actividades de reforzo e recuperación** para o alumnado que deba presentarse á Proba Extraordinaria.

- A proba da **Convocatoria Extraordinaria** celebrarase segundo o calendario que elabore Xefatura de Estudos. A cualificación será a obtida na **Proba obxectiva Extraordinaria**, na que se empregará unha estrutura semellante á das probas escritas realizadas durante o curso e será valorada sobre 10 puntos.